



## MISA CON NENOS

### 21 de outubro de 2018

### Ordinario 29º-B

Evanxeo de Marcos, *Marcos 10, 35-45:*

*“O Fillo do home veu dar a súa vida en rescate por todos”.*

**Mensaxe: A Igrexa non é pódium para vencer senón escaleira para rescatar e servir.**



#### 1. ACOLLIDA

Amigos y amigas:

Reunímonos neste domingo 29 do tempo ordinario. Hoxe a Igrexa celebra o domingo do Domund, o día dos misioneiros que teñen no mundo a tarefa de dedicar a súa vida a dar a coñecer a Xesús, sendo testemuñas del ata as últimas consecuencias e facendo un mundo de irmáns. Eles son luz, servizo e bendición para todos. O lema do Domund invítanos a ser tamén nós misioneiros cambiando o mundo, tamén aquí entre os nosos. (Saímos co cartel do Domund 2018 “Cambia o mundo”).

SAÚDO: No nome... -Xesús, que nos quere moito e que deu a vida por todos, sexa convoso.

#### 2. PERDÓN

*Deus quere que todos o coñezan e se salven. Poñamos nel a nosa esperanza:*

- Fillo de Deus, que te compadeces de todos. *Señor, ten piedade de nós.*
- Salvador do mundo, que viñeches servir e dar a túa vida en rescate por todos. *Cristo, ten piedade de nós.*
- Señor resucitado, que iluminas os pobos. *Señor, ten piedade de nós.*

*Deus quere que todos o coñezan e se salven. Poñamos nel a nosa esperanza:*

#### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas deste domingo fálannos de que a vida hai que entendela como entrega polos demais e non como cerrazón a nós mesmos. Isaías dinos que o Servo de lavé, ou sexa Xesús, deu a súa vida polos demais aínda sen ter culpa. O mesmo dinos a **carta aos Hebreos** falando do sacerdocio de Cristo. Xesús, no **evanxeo**, di de si mesmo que entende a vida como servizo, como entrega aos demais.



#### 4. PETICIÓNS

Neste día do Domund, oramos xuntos ao Pai, para que a Boa Nova de Xesús alcance a todos os recunchos da terra. Dicimos:

**-Axúdanos a cambiar o mundo.**

- 1.- Pola Igrexa, polos bispos e por todos os que a formamos, para que sexamos sinxelos e servidores como Xesús. Oremos.
- 2.- Pola nosa comunidade parroquial, para que sexa misioneira e anuncie a todos o moito que Xesús nos quere. Oremos.
- 3.- Polos misioneiros e misioneiras. Que sintan sempre a ledicia de Deus que os acompaña e o apoio de todos nós. Oremos.
- 4.- Por todos os que sofren a pobreza, a desigualdade ou a falta de recursos. Oremos.
- 5.- Polos que vimos a misa os domingos, para que, a exemplo de Xesús, sexamos servidores, saibamos partirnos e repartirnos entre cantos nos rodean e pasan necesidade. Oremos.
- 6.- Polos nenos, pais e catequistas para que entre todos e en familia anunciemos a Xesús, oremos xuntos e nos afanemos uns polos outros. Oremos.

*Acompaña, oh Señor, aos teus misioneiros nas terras por evanxelizear; pon as palabras xustas nos seus beizos, fai frutífero o seu traballo. Por XCNS.*

#### 5. OFRENDAS

**-CARTEL DEL DOMUND:** Señor, nesta xornada do Domund, queremos presentarche as nosas mans dispostas a cambiar o mundo a mellor, empezando polo que temos ao noso redor. Recordamos hoxe a tantos

misioneiros, a tantas historias de xenerosidade, eles déixano todo para servir e facer felices os demais: protéxeos e éncheos da túa forza, Señor!

#### -PAN E VIÑO:

Presentámosche o pan e o viño, que se transformarán no Corpo e o Sanguie do Señor, para que a comunión con El nos encha de espírito misioneiro.

#### -COLECTA DO DOMUND:

Presentámosche a colecta deste domingo, destinada á Obra Pontificia da Propagación da Fe: é a axuda fraterna e cristiá que compartimos xunto coa nosa oración para que a luz do evanxeo chegue a todas as persoas e pobos.

## 6. ACCIÓN DE GRAZAS: ORACIÓN DO DOMUND 2018

Señor, axúdame a cambiar para cambiar o mundo.

Necesito renovar o corazón, a mirada, os meus modos de facer, para non terminar nun museo.

E non é só renovar o vello: é permitir que o Espírito Santo cre algo novo.

Señor, baléirame dos meus esquemas para facer sitio ao teu Espírito e deixar que sexa El quen faga novas todas as cousas.

El envíanos, acompáñanos, inspíranos; El é o autor da misión, e non quero domesticalo nin engaiolalo.

Fai que non teña medo da novidade que vén de Ti, Señor Crucificado e Resucitado.

Que a miña misión sexa comunicar a túa vida, a túa misericordia, a túa santidad.

Ensíname a amar coma Ti para cambiar o mundo. Amén.

*Papa Francisco*



## 7. VIDEOS 29º ORDINARIO -B

- "Un á túa dereita", película: [https://www.youtube.com/watch?v=9B9B\\_pZISDE](https://www.youtube.com/watch?v=9B9B_pZISDE)

- "Un á túa dereita", debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=vXUNFuMVhho>

- "Fóra de servizo?", reflexión: [https://www.youtube.com/watch?v=xVA\\_y0QWyuM](https://www.youtube.com/watch?v=xVA_y0QWyuM)

- Dramatización Mc 10,35-45: [https://www.youtube.com/watch?v=\\_MrzdnKStI](https://www.youtube.com/watch?v=_MrzdnKStI)

- Vídeo do Domund 2018: "Unha historia de moitas historias": <https://www.youtube.com/watch?v=v1YdQZN7SU4>

- "Somos misioneiros", canción para representar: <https://www.youtube.com/watch?v=zI-VIoD13Kw>

## 8. SUXESTIÓNS:

-- Explicar o cartel do Domund deste ano: "Cambia o mundo". O cubo quebracabezas son as posibilidades de transformación do mundo. As imaxes nas casiñas son un flash da realidade misioneira, dos que traballan mellorando o mundo en accións concretas e en moitos campos da vida. E as mans, nelas está o cambio, apoiándonos en Deus.

- Ver en *youtube* o vídeo do Domund e comentádeo: "Unha historia de moitas historias". <https://www.youtube.com/watch?v=v1YdQZN7SU4> Comentámolo e coñecemos a historia dalgún misioneiro da diocese. Tamén se poderían proxectar caras de misioneiros da diocese.

- Poderíase dar a cada neno unha folla que poña "Quero ser o primeiro en amar e servir a todos". Nun momento determinado os nenos asínanas e colócanas nun panel ou nun fío xunto ao altar. E un deles le: "O importante é amar e servir, por iso dicímoslle a Xesús que queremos ser coma el, os primeiros no amor e no servizo. Este desexo entregámosllo a Xesús".

- Que cada un intente aforrar algo do seu diñeiro nestes días para poñer en mans dos misioneiros para que eles cos seus proxectos poidan cambiar o mundo.

- Nas ofrendas destacar a colecta do Domund cunhas palabras.

- Ensaíade a canción "somos misioneiros" con xestos para a eucaristía: <https://www.youtube.com/watch?v=oooWJgZame0>

<https://www.youtube.com/watch?v=zI-VIoD13Kw>



**SOMOS MISIONEROS**  
Letra y música: Lorenzo Sánchez

LAM REM MIM  
SOMOS MISIONEROS LAM REM  
TENEMOS UNA MISIÓN LAM REM  
QUEREMOS VER EL MUNDO MIM  
LLEND, LLEND, MIM  
LLEND, LLEND DE AMOR LAM REM MIM  
SOMOS MISIONEROS LAM REM  
TENEMOS UNA MISIÓN LAM REM  
QUEREMOS VER EL MUNDO MIM  
LLEND, LLEND, LAM  
LLEND, LLEND DE DIOS.

1.- Para que se cierren heridas, REM  
y que se abran más puertas, REM  
necesitamos que haga MIM  
más amor en nuestra tierra. LAM  
Para que se acaben las guerras, REM  
y que se cumplan los sueños, REM  
necesitamos que enciendan MIM  
MIM LAM  
la luz que da el Evangelio. SOMOS MISIONEROS.

2.- Para que no haga más hambre  
y que no existan fronteras  
necesitamos que haga MIM  
más amor en nuestra tierra. LAM  
Para que respeten la vida  
donde el futuro es incierto,  
necesitamos que enciendan MIM  
la luz que da el Evangelio. SOMOS MISIONEROS.

3.- Para que se abran caminos  
donde dejar nuestras huellas  
necesitamos que haga MIM  
más amor en nuestra tierra. LAM  
Para que a nadie le falte  
el amor como sustento,  
necesitamos que enciendan MIM  
la luz que da el Evangelio. SOMOS MISIONEROS.

4 - SOMOS MISIONEROS